

**REUNIÓN DA COMISIÓN 8.^a, PESCA E
MARISQUEO**

Día: 14.12.2017 Hora: 16:00

A Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 14 de decembro de 2017, ás 16:00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais en comisión

- 1.1 19006 (10/POC-003125)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Vega Pérez, Daniel e 7 máis
Sobre a contía dos fondos europeos que está a xestionar o Grupo de Acción Local Pesqueira A Mariña-Ortegal para financiar diversos proxectos económicos relacionados co mundo do mar, os beneficiarios deses fondos e o impacto que están a ter na economía da Mariña os diversos proxectos financiados
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 199, do 24.10.2017
- 1.2 19454 (10/POC-003194)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio
Sobre a valoración do Goberno galego en relación co estado de abandono no que se atopa o minicriadoiro de bivalvos de Camariñas, as actuacións levadas a cabo para o cumprimento do acordo parlamentario do 5 de febreiro de 2014 ao respecto e as razóns desa situación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 204, do 02.11.2017
- 1.3 19658 (10/POC-003221)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José
Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa posible prohibición da pesca da sardiña nos próximos quince anos nas zonas VIII c e IX a, as medidas que está a adoptar para evitala e, se é o caso, as previstas para garantir o futuro do cerco
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 207, do 08.11.2017

Punto 2. Proposicións non de lei en comisión

- 2.1 15412 (10/PNC-001337)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López Crespo, Carlos Enrique e 7 máis

Sobre a adopción polo Goberno galego de máis medidas de apoio á cultura mariñeira, en concreto, ás embarcacións tradicionais e ás carpinterías da ribeira, así como a posta en valor deste patrimonio histórico e cultural
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 174, do 13.09.2017

- 2.2 19720 (10/PNC-001604)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas reclamacións dos mariñeiros da asociación Long Hope para o recoñecemento do seu dereito a percibiren do Estado de Noruega as súas pensións de xubilación ou a que se lles devolvan os impostos recadados
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 211, do 15.11.2017
- 2.3 20622 (10/PNC-001681)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre o estudo polo Goberno galego da creación dunha entidade autonómica que aglutine os diferentes centros e liñas de investigación do sector pesqueiro, co fin de mellorar as condicións do sector e a súa produción, dentro dos criterios de sustentabilidade e eficiencia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 219, do 29.11.2017
- 2.4 20636 (10/PNC-001683)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a realización polo Goberno galego de todas as actuacións precisas para acadar a apertura, para o ano 2018, da pesqueira da cigala na zona VIIIc e de xeito subsidiario na unidade funcional 25
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 219, do 29.11.2017
- 2.5 20646 (10/PNC-001684)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas repercusións para os mariñeiros galegos da decisión adoptada respecto da aplicación do coeficiente redutor da idade de xubilación do 0,4 %, así como a convocatoria dunha sesión monográfica da Comisión parlamentaria de Pesca e Marisqueo para avaliar a situación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 219, do 29.11.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2017

Marta Rodríguez Arias

Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 8.ª, PESCA E MARISQUEO**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta Rodríguez Arias

P

Vicepresidente

José Alberto Pazos Couñago

P

Secretario

Juan José Merlo Lorenzo

EM

Vogais

Teresa Egerique Mosquera

P

María Ángeles García Míguez

P

Carlos Enrique López Crespo

P

María Montserrat Prado Cores

BNG

María Soraya Salorio Porral

P

Carmen Santos Queiruga

EM

María Dolores Toja Suárez

S

Julio Torrado Quintela

S

Daniel Vega Pérez

P

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 14.12.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1. Preguntas orais en comisión

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 14.12.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.1 19006(10/POC-003125)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vega Pérez, Daniel e 7 máis

Sobre a contía dos fondos europeos que está a xestionar o Grupo de Acción Local Pesqueira A Mariña-Ortegal para financiar diversos proxectos económicos relacionados co mundo do mar, os beneficiarios deses fondos e o impacto que están a ter na economía da Mariña os diversos proxectos financiados

Publicación da iniciativa, 199, 24.10.2017

Á Mesa do Parlamento

Daniel Vega Pérez, Carlos E. Lopez Crespo, Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Diego Calvo Pouso, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias e Soraya Salorio Porral, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

Dende o Grupo Parlamentario Popular vemos preciso destacar a gran importancia que ten o sector marítimo-pesqueiro para a economía da comarca de A Mariña e, polo tanto, para a provincia de Lugo e para o conxunto de Galicia.

Neste senso, consideramos de vital importancia axudar economicamente a todos aqueles proxectos que se realizan en torno ao mundo marítimo-pesqueiro e que crean riqueza e, polo tanto, fortalecen e dinamizan a economía de A Mariña o cal se traduce na creación de emprego.

Neste senso, é necesario destacar o papel fundamental do Grupo de Acción Local Pesqueira A Mariña-Ortegal que, como colaborador da Consellería do Mar, xestiona fondos europeos para financiar diversos proxectos económicos relacionados co mundo do mar.

Así, ante o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes Preguntas Oraís en Comisión:

- Qué cantidade económica de fondos europeos xestiona o Grupo de Acción Local Pesqueira A Mariña-Ortegal para financiar diversos proxectos económicos?
- Cales son van ser os beneficiarios destes fondos xestionados polo Grupo de Acción Local Pesqueira A Mariña-Ortegal?
- Qué impacto están a ter na economía de A Mariña os diversos proxectos financiados por fondos europeos a través do Grupo de Acción Local Pesqueira A Mariña-Ortegal?

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2.017.



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 17:05
Nº Rexistro: 19006
Data envío: 18/10/2017 17:05:12.879**

Asinado dixitalmente por:

Daniel Vega Pérez na data 18/10/2017 17:01:39

Carlos Enrique López Crespo na data 18/10/2017 17:01:58

Teresa Egerique Mosquera na data 18/10/2017 17:02:11

María Ángeles García Míguez na data 18/10/2017 17:02:38

Diego Calvo Pouso na data 18/10/2017 17:02:45

Alberto Pazos Couñago na data 18/10/2017 17:03:29

Marta Rodríguez Arias na data 18/10/2017 17:04:05

María Soraya Salorio Porral na data 18/10/2017 17:04:18

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 14.12.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.2 19454(10/POC-003194)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a valoración do Goberno galego en relación co estado de abandono no que se atopa o minicriadoiro de bivalvos de Camariñas, as actuacións levadas a cabo para o cumprimento do acordo parlamentario do 5 de febreiro de 2014 ao respecto e as razóns desa situación

Publicación da iniciativa, 204, 02.11.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

O 5 de febreiro de 2014, aprobouse por unanimidade unha proposición non de lei sobre o minicriadoiro de bivalvos instalado no porto de Camariñas, porque xa naquel ano as instalacións que foran motivo de lexítimo orgullo para a agrupación de mariscadoras, a confraría e a propia Xunta de Galicia, estaban abandonadas á súa sorte, golpeadas polos temporais, esnaquizadas pola desidia e os incumprimentos dun Goberno.

O texto aprobado ten o seguinte contido:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, con carácter de urxencia, aborde as seguintes iniciativas:

1. Recuperar as instalación do minicriadoiro de bivalvos de Camariñas, danadas gravemente polos temporais deste inverno, para devolvelas ao seu estado orixinal e poidan cumprir coa finalidade para a que foron construídas.
2. A deseñar e pór en práctica proxectos de repoboación de especies mariñas de interese comercial que inclúan a produción de semente de bivalvos, a xeración de tecnoloxía produtiva, a eficiencia de sistemas de produción nos minicriadoiros, e a transferencia de tecnoloxía da produción de semente de especies orientadas a potenciar os recursos marisqueiros do litoral galego.
3. Executar este proxecto a través da estrutura do Centro de Investigacións Mariñas (Cima) e nos tres minicriadoiros dos que dispón a Consellería do Medio Rural e do Mar no IGAFa, Camariñas e O Vicedo.
4. Incentivar e primar proxectos semellantes que, coa participación do sector, fomenten o estudo, produción, comercialización, e en xeral os obxectivos



Grupo Parlamentario

recollidos no punto 2 da parte resolutiva desta proposición non de lei, de semente de bivalvos que nos permitan achegarnos á autosuficiencia tanto en cantidade como en calidade.”

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Xusto un ano despois a Conselleira do Mar, abriu a porta a unha empresa privada para xestionalo.

Quen queira que hoxe se achegue ao porto de Camariñas pode observar como os investimentos realizados naquelas instalacións punteiras para a produción de bivalvos, atópanse hoxe nun estado ruinoso, por iso a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego do estado actual no que se encontra o minicriadoiro de bivalvos de Camariñas?

2ª) Que medidas levou a cabo o Goberno galego para cumprir o acordo do Parlamento de Galicia en canto á recuperación do minicriadoiro de bivalvos de Camariñas no mes de febreiro de 2014?

3ª) Cales son os motivos polos que o minicriadoiro de bivalvos de Camariñas se atopa actualmente en situación de abandono?

4ª) Como valora este Goberno que un acordo do Parlamento de Galicia por unanimidade, máis de tres anos despois non se teña cumprido polo Goberno galego?

5ª) Mantivo o Grupo Parlamentario do PP conversas co Goberno galego en relación ao incumprimento deste acordo para a recuperación do minicriadoiro de bivalvos de Camariñas?

Pazo do Parlamento, 26 de outubro de 2017

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/10/2017 17:01
Nº Rexistro: 19454



Data envío: 26/10/2017 17:01:02.241



Grupo Parlamentario

María Dolores Toja Suárez na data 26/10/2017 16:53:50

Julio Torrado Quintela na data 26/10/2017 16:54:01

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 14.12.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.3 19658(10/POC-003221)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa posible prohibición da pesca da sardiña nos próximos quince anos nas zonas VIII c e IX a, as medidas que está a adoptar para evitala e, se é o caso, as previstas para garantir o futuro do cerco

Publicación da iniciativa, 207, 08.11.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga e Juan José Merlo Lorenzo, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión 8ª**, sobre a posible prohibición de pescar sardiña nos próximos 15 anos nas zonas VIIIc e IXa

O cerco representa un arte de pesca fundamental para centos de familias en Galicia. Actualmente están rexistradas na nosa comunidade 150 embarcacións que utilizan esta arte. As catro especies principais que capturan son a xarda, xurelo, bocareo e sobre todo a sardiña.

Precisamente a sardiña é un dos peixes que máis preocupa ao sector. Un informe feito público a mediados do mes de xullo polos científicos do Consello Internacional para a Exploración do Mar (ICES) tras o encargo da Comisión Europea, indica que a sardiña necesita un período de 15 anos sen pesca algunha para poder recuperarse nas zonas VIIIc e IXa, xa que o tope de 17.000 toneladas anuais establecidas estes dous últimos anos non é unha medida suficiente.

Este informe xerou unha fonda preocupación no sector, xa que estar 15 anos sen poder pescar un produto clave para o certo galego, significará a desaparición da práctica totalidade dos buques e dos seus respectivos postos de traballo. Portugal xa avisou que para nada coincide coas conclusións do informe, xa que considera que utiliza datos antigos e polo tanto desactualizados.

A posibilidade sobre un veto á pesca da sardiña nas nosas augas é real, polo que as administracións públicas deben tomar este en consideración e adiantarse a unha medida que pode significar a fin do cerco en Galicia.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2017 18:27
Nº Registro: 19658
Data envío: 02/11/2017 18:27:29.005



Polo exposto, formulamos as seguintes preguntas para o seu debate en comisión:

- Que valoración fai sobre unha posible prohibición para non pescar sardiña nos próximos 15 anos?
- Que medidas está adoptando a Xunta de Galicia contra esta posible prohibición?
- No caso de que finalmente se produza a prohibición, que medidas ten pensado tomar a Xunta para asegurar o futuro do cerco?

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 02/11/2017 18:26:18

Juan José Merlo Lorenzo na data 02/11/2017 18:26:25

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 14.12.2017

Hora: 16:00

Orde do día

2. Proposicións non de lei en comisión

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 14.12.2017

Hora: 16:00

Orde do día

2.1 15412(10/PNC-001337)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e 7 máis

Sobre a adopción polo Goberno galego de máis medidas de apoio á cultura mariñeira, en concreto, ás embarcacións tradicionais e ás carpinterías da ribeira, así como a posta en valor deste patrimonio histórico e cultural

Publicación da iniciativa, 174, 13.09.2017

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa deputados e deputadas, Carlos López Crespo, M^a Ángeles García Míguez, Teresa Egerique Mosquera, Diego Calvo Pouso, Soraya Salorio Porral, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias e Daniel Vega Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei en Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos:

O pasado mes de xuño celebrábase a decimo terceira edición do Encontro de embarcacións tradicionais de Galicia na vila costeira de Combarro, no que se xuntaron preto de 150 embarcacións tradicionais que viñeron navegando desde territorios veciños como o País Vasco, Cataluña, o Mediterráneo ou Portugal. E incluso desde máis lonxe: Francia, Escocia, Irlanda, Reino Unido ou Croacia.

Sen dúbida, este evento trátase dunha oportunidade única para afondar na nosa cultura mariñeira, a través da historia e da evolución da flota de barcos tradicionais galegos, como, por exemplo, as lanchas xeiteiras, as chalanas a vela ou as variantes da dorna. Todas elas testemuñas da evolución das moitas bisbarras mariñeiras que conforman a nosa terra.

Este grupo parlamentario quere agradecer á Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial a organización deste evento, así como o seu traballo centrado na recuperación e no mantemento das embarcacións tradicionais, así como un compromiso social profundo por defender todas as manifestacións materiais e inmateriais da cultura vinculada ao mar e aos ríos de Galicia.

Arredor do inmenso patrimonio marítimo galego sempre se xeraron importantes actividades económicas relacionadas co poder identificativo de Galicia. Traballar pola súa protección, conservación, restauración, xestión e posta en valor é unha labor de todas e todos. Pero para acadar o recoñecemento e o compromiso da sociedade, cómpre que a Administración desenvolva o seu papel. Un papel que posibilite a recuperación, a conservación e a posta en valor do patrimonio cultural e histórico galego.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presentan a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión:**

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a continuar adoptando medidas que apoiem a cultura mariñeira, concretamente as embarcacións tradicionais e ás carpinterías da



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 15412
Data envío: 05/09/2017 14:03:11.684

ribeira, como posta en valor do patrimonio cultural e histórico de Galicia, con especial fincapé na aplicación da consideración deste eido patrimonial como declarar ben de interese cultural”

Santiago de Compostela, 5 de Setembro de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 05/09/2017 13:57:22

Carlos Enrique López Crespo na data 05/09/2017 13:57:51

María Ángeles García Míguez na data 05/09/2017 13:58:07

Teresa Egerique Mosquera na data 05/09/2017 13:58:17

Diego Calvo Pouso na data 05/09/2017 13:58:34

María Soraya Salorio Porral na data 05/09/2017 13:58:47

Alberto Pazos Couñago na data 05/09/2017 13:59:15

Marta Rodríguez Arias na data 05/09/2017 13:59:26

Daniel Vega Pérez na data 05/09/2017 13:59:44

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 14.12.2017

Hora: 16:00

Orde do día

2.2 19720(10/PNC-001604)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas reclamacións dos mariñeiros da asociación Long Hope para o recoñecemento do seu dereito a percibiren do Estado de Noruega as súas pensións de xubilación ou a que se lles devolvan os impostos recadados

Publicación da iniciativa, 211, 15.11.2017



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA, a iniciativa da súa deputada **Carmen Santos Queiruga e Juan José Merlo Lorenzo** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª**, sobre a situación que atravesan os ex-mariñeiros agrupados na asociación Long Hope.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación que viven aqueles traballadores que prestaron servizos en buques noruegueses antes de 1994 segue a ser moi delicada. Máis de 12.000 persoas afectadas, das cales 8.000 son galegas, loitan desde fai moito tempo para que o Estado noruegués lle recoñeza unha pensión ou a devolución das contribucións realizadas durante todos os anos que estiveron traballando no país nórdico, xa que antes da entrada de Noruega na Unión Europea (1994) non foron recoñecidos como traballadores emigrantes por dito país, ao considerar que non residían no mesmo.

A súa loita é incansable, tanto a través da mobilización social como por vía xudicial. Sen embargo, en Xullo deste ano recibiron un novo revés, xa que a Corte Suprema de Noruega rexeitou a demanda presentada polo colectivo, entendendo que antes débese recorrer aos diferentes tribunais de apelación. Esta resolución significa un alongamento do proceso, xa que a intención última dos mariñeiros agrupados na asociación Long Hope é chegar ao Tribunal Europeo de Dereitos Humanos de Estrasburgo. Debemos ter presente que a maioría dos afectados teñen máis de 80 anos, polo que dilatar no tempo a vía xudicial xoga en contra dos afectados.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2017 13:28
Nº Rexistro: 19720
Data envío: 03/11/2017 13:28:21.374



O Estado español, a través do Ministro de Exteriores Alfonso Dastis, prometeu a principios de ano de que se ía a interesar pola súa situación e que se buscaría acadar unha solución co país noruegués. O tempo pasa e as negociacións prometidas (se existen) non están a dar un resultado positivo. Os mariñeiros senten que o Estado os deixou abandonados na súa loita.

Polo exposto, formulamos a seguinte **Proposición non de lei**:

O Parlamento galego insta á Xunta de que Galicia a que se dirixa ao Goberno español co fin de que se adopten as medidas oportunas que permitan a consecución dos obxectivos do colectivo de Mariñeiros Long Hope, personándose perante o Tribunal Europeo dos Dereitos Humanos polo incumprimento por parte do Estado Noruegués da prohibición de discriminación por razón de nacionalidade, de tal forma que se recoñeza o dereito a percibir a pensións de xubilación ou a devolución dos impostos incorrectamente recadados aos Mariñeiros, maioritariamente galegos, do colectivo Long Hope.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2017.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Juan José Merlo Lorenzo

Voceira s. e deputado do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2017 13:28
Nº Registro: 19720
Data envío: 03/11/2017 13:28:21.374



Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 03/11/2017 13:27:27

Juan José Merlo Lorenzo na data 03/11/2017 13:27:33

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 14.12.2017

Hora: 16:00

Orde do día

2.3 20622(10/PNC-001681)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre o estudo polo Goberno galego da creación dunha entidade autonómica que aglutine os diferentes centros e liñas de investigación do sector pesqueiro, co fin de mellorar as condicións do sector e a súa produción, dentro dos criterios de sustentabilidade e eficiencia

Publicación da iniciativa, 219, 29.11.2017



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada **Julio Torrado Quintela, Abel Losada Alvarez e María Dolores Toja Suárez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

A necesidade de implementar todas as medidas e accións posibles para mellorar a eficacia e eficiencia do sector pesqueiro supón un compromiso irrenunciábel para a Administración galega, dada a relevancia e o impacto que este campo ten a nivel económico e social para Galicia.

A investigación supón unha ferramenta indispensable para o avance do sector pesqueiro, e encádrase dentro destas medidas e accións que son de claro impulso e mellora para o sector. As aplicacións diversas e constantes dos avances investigadores teñen impulsado á pesca galega a cotas de eficiencia moi importantes. Non entanto, a redución do investimento público en I+D+i promovido polos gobernos de España e Galicia na década dos anos 10 deste século XXI supuxo, tamén no eido pesqueiro, unha perda importante de recursos humanos e de potencial de impulso. Nos orzamentos de 2018 da Consellería do Mar, o programa de divulgación tecnolóxico e o de investigación son os dous con menor investimento de entre os 10 en que se compón o orzamento.

Existe unha progresiva perda de conexión entre os traballadores directos no mar e os investigadores que, dispersos en distintas institucións e entidades (Intecmar, Cetmar, Instituto Oceanográfico, universidades...), tamén teñen dificultades de coordinación entre eles.

A situación resulta, por tanto, nunha perda de potencial debida a problemas de ausencia de aposta pola investigación pesqueira por parte da Xunta de Galicia tanto en termos cuantitativos como cualitativos. Unha das ideas e propostas suxeridas no entorno do sector pesqueiro, e



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

por parte dos propios traballadores directos do mar, é a constitución dun órgano autonómico que poida servir de aglutinador das diferentes liñas e proxectos de investigación que afectan ao sector dende diferentes perspectivas. Existen modelos noutras administracións que, de maneira coordinada, funcionan a través de entidades que promoven e coordinan a investigación relacionada co mar, e conseguen maiores cotas de financiación e apoio aos proxectos que, finalmente, resultan en beneficio e melloras para o sector.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que estudie a creación dunha entidade autonómica que aglutine aos diferentes centros e liñas de investigación do sector pesqueiro, optimizando recursos humanos e materiais, co obxectivo de mellorar as condicións do sector e a súa produción dentro dos criterios de sustentabilidade e eficiencia.

Pazo do Parlamento, 22 de novembro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Abel Losada Alvarez
María Dolores Toja Suárez
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 23/11/2017 13:45:30

Abel Fermín Losada Álvarez na data 23/11/2017 13:45:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2017 13:50
Nº Rexistro: 20622
Data envío: 23/11/2017 13:50:08.903



 [Grupo Parlamentario](#)

María Dolores Toja Suárez na data 23/11/2017 13:45:41

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/11/2017 13:45:47

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 14.12.2017

Hora: 16:00

Orde do día

2.4 20636(10/PNC-001683)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a realización polo Goberno galego de todas as actuacións precisas para acadar a apertura, para o ano 2018, da pesqueira da cigala na zona VIIIC e de xeito subsidiario na unidade funcional 25

Publicación da iniciativa, 219, 29.11.2017



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2017 17:01
Nº Rexistro: 20636
Data envío: 23/11/2017 17:01:55.513

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ás medidas a tomar para a apertura da pesquería da cigala.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 23 de xuño de 2017 o Bloque Nacionalista Galego levaba a debate da comisión 8ª de Pesca e Marisqueo a seguinte iniciativa, que foi aprobada por unanimidade:

Representantes da flota de arrastre de litoral reuníronse co Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego para trasladarnos unha serie de demandas en relación co camiño a seguir nas negociacións para tratar de reabrir a pesquería da cigala na zona VIIIc.

A decisión, dentro dos TAC e cotas establecidos para 2017, dun TAC cero para a cigala na zona VIIIc ten sido considerado como un contratempo e un elemento pernicioso por parte da frota galega de arrastre. Amais, este TAC cero acompáñase da proposta de reeditar o peche para 2018 e 2019.

Visto o impacto que ten para a nosa flota por ser capturas accesorias de gran valor e as dificultades para realizar unha pesquería parcial en termos prácticos sen

afectar á súa captura, e tendo en conta que esta especie podería ser descartada adecuadamente grazas a que aguanta fóra do seu ecosistema en tempo prolongado, o sector, coa colaboración de técnicos do IEO e da Consellería do Mar emitiron un informe no que, unha vez recadados os datos socioeconómicos e biolóxicos, constataron que existen cigala no caladoiro e que se aprecian sinais de recuperación deste recurso

O dato definitivo de que a cigala non estaría tan mal como o sinalan os científicos do ICES é que, na unidade funcional 25, unha das dúas onde a capturan os barcos galegos, elevaron do 1,45 % do ano 2015 ao 3,78 % do 2016 a porcentaxe sobre os desembarcos totais. Tamén se incrementou a captura por unidade de esforzo e se no 2015 era de 6,46 quilos por hora, no 2016 subiu a 10,81. Resulta que incluso pescaron máis aqueles que non se dirixen á especie (0,27 quilos fronte aos 0,18 do 2015).

Con todos estes datos, os armadores aseguran que é posible pescar cigala en Galicia e no resto da zona VIIIc como se facía antes do 2012 —no que o TAC aprobado era de 91 toneladas— sen que a pesquería se resentise.

Todas estas conclusións foron trasladadas por medio deste informe ao propio ICES nun encontro que tivo lugar o 5 de maio para que se proceda á apertura da zona VIIIc, e no que se suxeriu realizar unha análise en profundidade sobre a cigala da unidade funcional 25 que teña en conta as tendencias históricas, os aspectos biolóxicos e os socioeconómicos.

Por último cómpre sinalar que o devandito acordo foi sinalado como conclusións extraídas no tratamento do asunto por parte do sector galego de arrastre de litoral, representado na Comisión correspondente do Consello Galego de Pesca



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2017 17:01
Nº Rexistro: 20636

Data envío: 23/11/2017 17:01:55.513

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego asume as reivindicacións que nos foron trasladadas e por esa razón presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a dirixirse ao Ministerio de Agricultura, Pesca, Alimentación e Medio Ambiente co obxecto de que, ante a situación de peche da pesquería de cigala na zona VIIIc que afecta a mais de 60 buques de arrastre de Galicia, adopte as seguintes medidas:

- 1. Solicitar unha reavaliación do stock da cigala tanto na zona VIIIc e na zona IXa, esta última en augas de Galicia.*
- 2. Solicitar a realización dun estudio específico por parte do IEO tal e como se está levando a cabo en augas do Golfo de Cádiz.*
- 3. Solicitar a apertura da pesqueira da cigala na zona VIIIc, e, subsidiariamente, na unidade funcional 25, xa que non é factible esperar ao ano 2019, ano en que o ICES ten previsto avaliar de novo a situación da cigala.*

Segundo nos trasladan desde o sector, o estudo realizado polo IEO deu uns resultados moi satisfactorios, determinando que o recurso está en boas condicións polo que é factíbel a apertura da pesquería no ano 2018 e non só unha cota científica como parece ser a intención por parte da Unión Europea.

Por estas razóns o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2017 17:01
Nº Rexistro: 20636
Data envío: 23/11/2017 17:01:55.513

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a realizar todas as accións precisas para conseguir a apertura da pesqueira da cigala na zona VIIIc, e, subsidiariamente, na unidade funcional 25, para o ano 2018, e non só unha cota científica.”

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2017

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 23/11/2017 16:54:50

Noa Presas Bergantiños na data 23/11/2017 16:54:55

Olalla Rodil Fernández na data 23/11/2017 16:54:59



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2017 17:01
Nº Rexistro: 20636
Data envío: 23/11/2017 17:01:55.513

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/11/2017 16:55:02

Xosé Luis Bará Torres na data 23/11/2017 16:55:06

Ana Pontón Mondelo na data 23/11/2017 16:55:09

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 14.12.2017

Hora: 16:00

Orde do día

2.5 20646(10/PNC-001684)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas repercusións para os mariñeiros galegos da decisión adoptada respecto da aplicación do coeficiente redutor da idade de xubilación do 0,4 %, así como a convocatoria dunha sesión monográfica da Comisión parlamentaria de Pesca e Marisqueo para avaliar a situación

Publicación da iniciativa, 219, 29.11.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2017 17:34
Nº Rexistro: 20646
Data envío: 23/11/2017 17:34:41.575

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ás medidas a tomar para a apertura da pesquería da cigala, relativa ás medidas a tomar acadar a aplicación do coeficiente redutor do 4% as mariñeiros galegos.

No ano 2015 a CIG detecta que o Goberno español (Dirección da Mariña Mercante, dependente do Ministerio de Fomento), a través dunha orde interna, modificou a aplicación dos coeficientes redutores que se lle viña aplicando os mariñeiros da frota galega que faena en augas internacionais (cefalopodeiros, palangreiros, arrastreiros, etc), de xeito que se pretendía aplicar o coeficiente redutor do 0.4% aos que consideraba buques “conxeladores” aquelas embarcacións que teña una eslora de máis de 70 m e capacidade superior ás 1.000 TRB. O resto, dadas as súas menores dimensións, pasan a ser considerados buques “fresqueiros” sen teren en conta nin a actividade, nin a zona de pesca, nin as condicións de vida a bordo, aplicándose unha rebaixa no coeficiente de 0,40 ao 0,25-0,35, o que evidencia unha absoluta miopía por parte deste departamento de “secano”, pois a nosa frota faena no Índico, Pacífico, Atlántico Sul, Atlántico Norte e Ártico.

Detectada esta pretensión, realizáronse todas as actuacións, con aporte de documentación, para demostrar a consideración de conxeladores dos buques para

que por parte do Goberno español se mantivera a aplicación do coeficiente redutor do 0,4%.

Ao mesmo tempo no Parlamento Galego aprobáronse por unanimidade dúas iniciativas demandando solucións.

A primeira impulsada polo BNG co seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia mostra o seu apoio ás tripulacións embarcadas en buques que pescan

en augas internacionais na súa reivindicación de que se lles aplique o 0,4 % nos coeficientes redutores no cálculo da idade de xubilación e insta o Goberno galego a reclamar do Goberno español e do Ministerio de Fomento:

1. Revisar de oficio todas as pensións que se resolveron co actual procedemento para impedir a

discriminación a respecto daqueles aos que historicamente se lles recoñeceu o 0,40 e mantelo para

o resto de tripulacións destas embarcacións.

2. Solicitar unha revisión profunda do caduco modelo baseado na zona e o tamaño da embarcación

para ir a un novo que incentive as condicións reais das actividades profesionais da pesca, recoñecendo aquelas que teñen maior penosidade, perigosidade, sexan insalubres e provoquen sinistralidade e altas morbilidades.»

E a segunda impulsada polo PP co seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a exixir ao Goberno do Estado que se manteñan os coeficientes redutores ata a entrada do Regulamento europeo polo que se definen as características dos buques de pesca e, unha vez que entre en vigor, iniciar un proceso de diálogo co sector de cara ao mantemento e mellora dos coeficientes redutores da idade de xubilación ás características da actividade marítimo-pesqueira de Galicia, toda vez que os cambios substanciais na realidade operativa das embarcacións e prácticas de marisqueo demanda esta posibilidade de cambio.»

Cando parecía que o tema estaba resolto, encontrámonos con que o Ministerio volve quitar outra circular na que se establece que “non corresponderá un coeficiente redutor do 0.4 % polos períodos traballados como tripulantes nos buques clasificados na súa clase aos palangreiros conxeladores e arrastreiros conxeladores, determinando o coeficiente redutor aplicando a arte de pesca e a tonelaxe de rexistro”.

O problema non está resolto, todo indica que hai unha vontade política de prexudicar os intereses dos mariñeiros galegos, toda vez que cada vez que se acredita cumprir os requisitos esixidos, establécense uns novos.

Por estas razóns, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2017 17:34
Nº Rexistro: 20646

Data envío: 23/11/2017 17:34:41.575

“O Parlamento galego insta á Xunta a que se dirixa ao Goberno español para que retire a circular que determina a aplicación dos coeficientes redutores, aplicando arte de pesca e tonelaxe de rexistro, e a revisar de oficio todas as pensións que se resolveron co actual procedemento para impedir a discriminación a respecto dos que historicamente se lle recoñeceu o 0,40.

O Parlamento galego acorda convocar unha sesión monográfica da comisión 8ª na que comparezan alomenos: a Asociación de Produtores de Vigo, Organización de Palangreiros Guardeses, Asociación de Produtores de Lugo, Asociación de Armadores de Marín, Confederación Intersindical Galega e representantes do Goberno galego, para avaliar a situación.”

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2017

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2017 17:34
Nº Rexistro: 20646

Data envío: 23/11/2017 17:34:41.575

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 23/11/2017 17:33:15

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/11/2017 17:33:19

Olalla Rodil Fernández na data 23/11/2017 17:33:20

Noa Presas Bergantiños na data 23/11/2017 17:33:21

Xosé Luis Bará Torres na data 23/11/2017 17:33:22

Ana Pontón Mondelo na data 23/11/2017 17:33:28